

FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2021.

A actividade da Fundación Antonio Fraguas Fraguas no exercicio 2021, supuxo un primeiro paso na volta á normalidade despois do paulatino levantamento das restriccións causadas pola pandemia.

A colaboración entre a Fundación, o Museo do Pobo Galego e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, permitiu desenvolver un programa conxunto encamiñado ao estudo sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico de Galicia, e en especial do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia, así como á promoción da figura e do traballo de D. Antonio Fraguas Fraguas, centrado en tres puntos:

1. Edición do libro Na lembranza dos veciños. Dispersos de Antonio Fraguas Fraguas sobre as terras de Cotobade.
2. Proxecto Cántame un conto.
- 3 Participación no programa Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.


No remate do exercicio, na sesión do Padroado celebrado o 28 de decembro de 2021, acordouse por unanimidade convocar a XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas para o bienio 2022-2023, que fora adiado pola pandemia no bienio 2020-2021.

A) Edición da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas.

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas, dentro do seu esforzo por facilitar o acceso á obra de D. Antonio, coedita co Museo do Pobo Galego un conxunto de 23 traballos publicados en revistas e actas de congresos dedicados exclusiva ou principalmente a traballos elaborados con información procedente das Terras de Cotobade. A edición foi coordinada polos membros do Padroado da Fundación D. Clodio González Pérez e

D. Francisco Javier Sanjiao Otero, a partir da selección de textos realizada por D. Clodio González Pérez e D. Xosé Manuel González Reboredo.

O interese esencial é difundir a obra de D. Antonio Fraguas Fraguas, polo que, con



independencia da linguaxe orixinalmente empregada polo autor, a edición faise en galego, traducindo aqueles texto editados orixinalmente noutro idioma, e procedendo á normativización dos textos xa redactados orixinariamente en galego, agás as palabras e expresións propias do autor e da terra de Cotobade e respectando tal como os publicou os textos populares (cantigas, sermóns, etc.). Facemos constar expresamente a referencia bibliográfica da edición orixinal de cada traballo, así como o idioma empregado polo autor na mesma.

A tradución e normalización dos textos foi realizada por D. Francisco Javier Sanjiao Otero e D. Clodio González Pérez; D^a. María Xosé Fernández Cerviño realizou a revisión lingüística do libro.

O deseño da edición foi realizado por D. Xaime Fandiño, e o libro foi impreso por Tórculo Comunicación Gráfica S.L., ten o ISBN: 987-84-88508-70-6 e solicitouse o Depósito Legal: C 1727-2021.

Realizamos unha tirada ampla de 1.000 exemplares, que na maior parte será distribuída entre os seus conveciños, para que sexan conscientes da importancia do patrimonio inmaterial do seu concello, da figura e da obra de quen foi o seu conveciño, e da importancia do idioma galego como instrumento transmisor da súa tradición. O apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, xunto co do Concello de Cerdedo – Cotobad permitiron editar este libro e realizar a distribución prevista.

A presentación do libro fíxose na sede administrativa de Carballedo do Concello de Cerdedo-Cotobade o 28 de decembro de 2021, na mesma participaron o presidente da

Fundación, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, o alcalde de Cerdedo-Cotobade e os coordinadores da edición. Estiveron presentes o Padroado da Fundación ao completo e participou a veciñanza do concello.

B) Posta en marcha do proxecto Cántame un conto.

O proxecto Cántame un conto impulsado pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas, é coordinado polos equipos de traballo do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade e o Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo Galego.


Ten como obxectivos promover o coñecemento da literatura popular galega de transmisión oral; aproveitar as posibilidades educativas da actividade de contar contos; dotar ao estudiantado de ferramentas de comunicación oral en público; fomentar a recollida de material na súa contorna impulsando a relación interxeracional; analizar os contidos dos contos e da cultura galega que representan e transmiten; incorporar a tradición oral nas actividades públicas dos centros escolares; e aprender a reelaborar e transmitir o conto tradicional analizando de forma crítica, e de acordo cos paradigmas actuais en relación coa igualdade de xénero, de clase social ou interculturais, e na dignidade do trato cos animais.

A partir da aprobación do convenio, cos fondos dispoñibles puxemos en marcha o proxecto piloto desta actividade, para o que contamos cunha serie de centros educativos que se comprometeron a participar neste proxecto. Ao longo do exercicio actual:

- Deseñouse a imaxe de difusión e comunicación do certame.



- Contratouse co Museo do Pobo Galego a produción e organización do proxecto mediante a contratación de dúas persoas para labores de documentación e materialización das actividades, debido a imposibilidade de realizalo directamente a Fundación.
- Realizouse unha páxina web específica do proxecto que se incorporará nos portais dixitais da Fundación Antonio Fraguas Fraguas e do Museo do Pobo Galego.
- Realizáronse dous vídeos de mostra co contadora María da Pontragha.



- Fixemos un programa específico de formación no Museo do Pobo Galego os días 10 e o 11 de novembro, no que participaron 6 persoas expertas nestes ámbitos e o profesorado que vai coordinar esta actividade nos distintos centros. Por motivos de seguridade limitouse o número a 15 participantes.

Nesta primeira edición, participaron 19 mestres e 359 nenos e nenas dos centros CEIP Plurilingüe A Ramallosa, Colexio La Salle, CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Lamas de Abade, CEIP Plurilingüe San Marcos, Colexio San Jorge, CPI San Sadurniño e IES Marco do Camballón.

A colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas obxecto deste convenio, contribúe ao fomento do idioma galego, en canto estimula as manifestacións culturais feitas en galego, achega o noso legado cultural ás novas xeracións, e contribúe á defensa, conservación, promoción e divulgación do legado material e intelectual de D. Antonio Fraguas Fraguas, catedrático de Instituto, investigador, escritor e dinamizador que participou, en numerosos casos dende a súa fundación, en numerosas entidades defensoras da nosa cultura e lingua no século pasado.

C) Participación no Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Turismo da Xunta de Galicia.

Continuouse coa participación da Fundación no plan Proxecta+, coordinada polo patrón D. Francisco Fariña Busto, contando co apoio de D. Bieito Pérez Outeiriño. Durante o curso 2021-2022 participaron os centros IES Marco do Camballón, IES Ánxel Fole, IES Val Miñor, CPR Plurilingüe Divina Pastora, IES Plurilingüe Eusebio da Guarda, IES Monte da Vila, IES Ramón Otero Pedrayo, IES do Milladoiro, IES Espiñeira.

En Santiago de Compostela, a 7 de xuño de 2022



Justo Beramendi González
Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas

COMPOSICIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN

Presidente de Honra: Sr. Presidente da Xunta de Galicia

Presidente: Justo Beramendi González

Vicepresidente primeiro: en representación do Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística

Vicepresidente segundo: en representación do Sr. Alcalde do concello de Santiago de Compostela, D^a. Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural e primeira tenente de alcalde

Vicepresidente terceiro: D^a. Concepción Losada Vázquez

Vogais: D. Francisco Fariña Busto,

D^a Encarna Otero Cepeda

D. Xosé Antonio Gómez Segade

D. Manuel Vilar Álvarez

D. Xosé Manuel González Reboredo

D. Clodio González Pérez

D. Xerardo Estévez Fernández

D^a. Carolina Martínez Paz, en representación da familia

D. Jorge Cubela López, Sr. alcalde do concello de Cerdedo-Cotobade

D. Lino Lema Bouzas

Secretario: D. Francisco Javier Sanjiao Otero